

ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal número 16 do Concello de Vimianzo.

O Pleno do Concello en sesión ordinaria do 27 de marzo de 2024, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal número 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Transcorrido o prazo de 30 días de exposición pública sen alegacións á mesma, considérase aprobada definitivamente e publícase integramente de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local e no artigo 17 da Lei reguladora das facendas locais.

O texto íntegro da modificación da ordenanza, aprobada con carácter definitivo, é o seguinte:

“Artigo 6.º.–Bonificacións e deducións.

6.1.- Establécese un beneficio fiscal do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

6.2. Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo.

Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade.”.

6.3.- Establécese unha bonificación do 50% da cota do imposto, por concorrer circunstancias de carácter cultural e histórico, a favor das obras de rehabilitación de vivendas e edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico, que supoñan a recuperación do uso residencial das mesmas.

Considerase edificacións tradicionais aquelas que cumpran dúas condicións (art. 33 Decreto 143/2016, polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia):

a) Que sexan identificables nas fotografías aéreas do «voo americano» do ano 1956.

b) Que teñan unha estrutura recoñecible como tradicional da arquitectura popular de Galicia.



Coa solicitude da bonificación achegarase unha copia do proxecto de obras obxecto da licenza urbanística solicitada, xunto cunha declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a bonificación, así como o compromiso de presentar o certificado final das obras e as facturas polo custe total das obras ao seu remate.

A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

A presente modificación da Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no BOP, consonte co previsto no art. 107.1 da LBRL.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpoñer polos interesados recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Vimianzo, 27 de maio de 2024

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordoñez